

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A
CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2019.**

ASISTENTES

ALCALDE

José M. Alonso Pumar

CONCELLEIROS/AS

GRUPO DO BNG:

Uxío Cerecedo González

GRUPO DO PP:

Ana Mª López Fernández

José M. Pérez Lorenzo

GRUPO P.S.deG-PSOE:

Alberto Iglesias Fraguela

Jonathan I. Miranda Lucas

Mª José Fraguela López

GRUPO MIXTO:

Antonio Nieto Llana

AUSENTES:

Juan C. Taracido López

Mª Purificación Seixido

Gómez

Alberto Balado Ramonde

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA:

Ausente

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día un de febreiro de dous mil dezanove, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde, José Miguel Alonso Pumar. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

ORDE DO DIA:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 30/11/2018 E 19/12/2018.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DENDE O 646/2018 DE 26/11/18 ATA O 36/2019, DE 28/01/19.

3º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE PUBLICIDADE EXTERIOR DO CONCELLO DE CARIÑO

4º. – APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTOS GRUPOS DE FUNCIÓN.

5.- MOCIÓNS

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

.....
1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 30/11/2018 E 19/12/2018.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en diante), o Alcalde pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ás actas das sesións anteriores, de 30/11/2018 e 19/12/2018, respectivamente, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Non efectuándose observacións, as actas son aprobadas por unanimidade dos membros presentes na sesión, coa abstención de Ana Mª López Fernández.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DENDE O 646/2018 DE 26/11/18 ATA O 36/2019, DE 28/01/19.

O Pleno corporativo dáse por enterado dos Decretos da Alcaldía dende a última sesión ordinaria.

3º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE PUBLICIDADE EXTERIOR DO CONCELLO DE CARIÑO

Visto o ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Espazos Públicos e Desenvolvemento Sostible, de data 29/01/2019, que di:

“Visto a Ordenanza Reguladora da Publicidade no Exterior do Concello de Cariño, aprobada no Pleno corporativo de data 30/11/2018, e publicada no BOP nº 231, de 04/12/2018.

Vista a providencia de Alcaldía de data 23/01/2019 de inicio de procedemento de modificación do artigo 28 da Ordenanza reguladora.

Visto o informe de Secretaría de data 23/01/2019.

Realizada a tramitación legalmente establecida a Comisión Informativa de Infraestruturas, Espazos Públicos e Desenvolvemento Sostible, por dous votos a favor do grupo municipal do PsdeGa-PSOE e tres abstencións do BNG, Grupo Mixto e PP, emite o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: *Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza municipal reguladora da Publicidade no Exterior do Concello de Cariño, nos seguintes termos:*

**Propónse a modificación do artigo 28, quedando redactado do seguinte xeito:*

1.- A contía das multas con que se sancionan as infraccións cometidas serán as seguintes:

A) As infraccións moi graves sancionaránse con **multa de 1.501 a 3.000 euros**, podendo levar conxunta a retirada de licenza ou autorización para a actividade publicitaria e instalación de soportes exteriores.

B) As **infraccións graves se sancionarán con multas de entre 751 a 1.500 euros**, podendo levar conxunta a retirada de licenza ou autorización para a actividade publicitaria e instalación de soportes exteriores.

Asemesmo, poderá adoptarse, como medida cautelar a suspensión de licenza ou autorización de forma provisional, durante o cal non poderá exercerse a actividade nos termos que fixe a medida cautelar.

C) As infraccións leves sancionaránse **con multas dende 300 a 750 euros**.

SEGUNDO: Someter dita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no BOP e taboleiro de anuncios do Concellos, no prazo de trinta (30) días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso polo Pleno”.

O Alcalde explica que se trata de modificar a presente Ordenanza de publicidade exterior pola existencia dun erro nun dos tramos das sancións.

Non suscitándose debate, o Pleno corporativo por catro votos a favor do PSdeGA, e catro abstencións dos grupos municipais do PP, BNG e Grupo Mixto

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza municipal reguladora da Publicidade no Exterior do Concello de Cariño, nos seguintes termos:

*Propónse a modificación do artigo 28, quedando redactado do seguinte xeito:

1.- A contía das multas con que se sancionan as infraccións cometidas serán as seguintes:

A) As infraccións moi graves sancionaránse con **multa de 1.501 a 3.000 euros**, podendo levar conxunta a retirada de licenza ou autorización para a actividade publicitaria e instalación de soportes exteriores.

B) **As infraccións graves se sancionarán con multas de entre 751 a 1.500 euros**, podendo levar conxunta a retirada de licenza ou autorización para a actividade publicitaria e instalación de soportes exteriores.

Asemesmo, poderá adoptarse, como medida cautelar a suspensión de licenza ou autorización de forma provisional, durante o cal non poderá exercerse a actividade nos termos que fixe a medida cautelar.

C) As infraccións leves sancionaránse **con multas dende 300 a 750 euros**.

SEGUNDO: Someter dita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no BOP e taboleiro de anuncios do Concellos, no prazo de trinta (30) días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

4º. – APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTOS GRUPOS DE FUNCIÓN.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 29/01/2019, que di:

“A modificación de crédito que é preciso tramitar é unha transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias con distinta vinculación xurídica e distinta área de gasto, para levar a cabo a dotación complementaria por insuficiencia das aplicacións orzamentarias, debido a imprevistos xurdidos ata a esta data, por importe global de 25.000 euros.

Tendo en conta o disposto no artigo 179 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais, nos artigos 40 a 42 do RD 500/1990, de 20 de abril, e o informe da Intervención municipal de data 23/01/2019, así como o informe de estabilidade orzamentaria.

A C.I de Facenda, Cultura, Educación e Deporte, por por dous votos a favor do grupo municipal do PsdeGa-PSOE e tres abstencións do BNG, Grupo Mixto e PP, emite o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito, transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias con distinta vinculación xurídica e distinta área de gasto, por un importe total de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000 €), de acordo co seguinte:

PARTIDAS QUE CEDEN CRÉDITO	CONCEPTO	IMPORTE
342-61900	Instalacións deportivas- outras inver. de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	25.000 €
	TOTAL.....	25.000 €
PARTIDAS QUE RECIBEN CRÉDITO	CONCEPTO	IMPORTE
1532-61900	Pavimentación de vías públicas-Outras inv. de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	25.000 €
	TOTAL.....	25.000 €

O presente expediente entenderase inmediatamente executivo ós efectos de proceder á contabilización do mesmo, sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da estimación de algunha alegación formulada ao mesmo.

SEGUNDO: Que se expoña ao público durante o prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO: No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previsto no artigo 169 do RDL 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1 de dito artigo”.

O Alcalde explica que stá publicada a prórroga do orzamento, que se están a elaborar os novos orzamentos e que onte se pechou o tema da regra de gasto, o plan medio de pago a

proveedores e o plan de estabilidade orzamentaria, dando todos os resultados positivos. Di que é de esperar que no ano 2019 todas as restriccións do Estado que queden evacuadas, tanto o crédito bancario como o resto de restriccións de control do Estado.

Engade que o día 31 de decembro que se publicou a subvención de Agader, e que como hai que facer unha aportación municipal obrigatoria para sufragar o IVE, que por iso se trae a pleno esta modificación de crédito, xa que hai que habilitar crédito para o IVE.

Non suscitándose debate, o Pleno corporativo por catro votos a favor do PSdeGA, e catro abstencións dos grupos municipais do PP, BNG e Grupo Mixto

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito, transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias con distinta vinculación xurídica e distinta área de gasto, por un importe total de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000 €), de acordo co seguinte:

PARTIDAS QUE CEDEN CRÉDITO	CONCEPTO	IMPORTE
342-61900	Instalaciones deportivas- outras inver. de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	25.000 €
	TOTAL.....	25.000 €
PARTIDAS QUE RECIBEN CRÉDITO	CONCEPTO	IMPORTE
1532-61900	Pavimentación de vías públicas-Otras inv. de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	25.000 €
	TOTAL.....	25.000 €

O presente expediente entenderase inmediatamente executivo ós efectos de proceder á contabilización do mesmo, sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da estimación de algunha alegación formulada ao mesmo.

SEGUNDO: Que se expoña ao público durante o prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO: No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previsto no artigo 169 do RDL 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1 de dito artigo.

5.- MOCIÓN

5.1.- MOCIÓN PRESENTADA POR JOSÉ M. ALONSO PUMAR, EN REPRESENTACIÓN DO PSG-PSOE, SOBRE O SERVIZO DE PEDIATRÍA ESTABLE NO CONCELLO DE CARIÑO (RE Nº 178, DE 29/01/2019).

O Alcalde da lectura á moción, cuxo texto é o seguinte: (...)

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o día 7/1/2019 os centros de saúde de Cariño, Mañón e Ortigueira quedaron sen pediatra ata o 14/1/2019. O pasado día 28/01/2019 volta a darse a mesma circunstancia, algo que tamén se repetiu no verán durante un par de semanas. O servizo víñase prestando no centro de saúde de Cariño os luns, martes, mércores e venres entre as 12 e as 15 horas, mentres que os na primeira metade da xornada laboral a pediatra se desprazaba a Ortigueira, reservando os xoves íntegramente para Mañón.

A información que reciben os concellos por parte da Xunta de Galicia nas sucesivas ausencias son diversas, e xeralmente fan referencia a que a pediatra que ocupa o posto está de baixa médica, de vacacións, etc... En ninguna delas a profesional é substituída temporalmente. Ante esta situación, ás familias que se dirixen ao centro de saúde indícaselles que deberán acudir a consulta ao Centro de Saúde de Cedeira –nalgúns casos a máis de 40 quilómetros da súa localidade de referencia- onde, por outra parte, o pediatra vese sobrepasado polo volume de nenos a atender. Esta situación causa fonda preocupación entre as persoas afectadas que ven como o servizo sanitario cada vez é máis deficitario na nosa comarca.

Desde o Concello, tras confirmar que a situación trasladada polas familias e veciños era real, contactamos co responsable da Xerencia de Xestión Integrada da Área Sanitaria de Ferrol. A información que nos traslada o Sr. Facio é a de que carecen de pediatras para substituír as baixas, vacacións ou calquera outra continxencia, e que os rapaces maiores de 3 anos serán atendidos por un médico de familia, sen garantir nin sequera que sempre sexa o mesmo, xa que depende da boa vontade destes profesionais o asistir aos nenos. Non se dá tampouco unha data de previsión para restaurar o servizo de Pediatría nos nosos concellos.

O grave deterioro polo que avanza a prestación dos servizos sanitarios, nomeadamente nos concellos rurais, é froito de decisións exclusivamente políticas, de xestión política, e ten moito que ver cos recortes acometidos polo Goberno galego nos últimos anos, coa adopción de medidas que afondaron no desmantelamento dos servizos sanitarios e que antes ou despois chegan a todos os concellos de Galicia; redución de orzamentos, non substitución de centos de profesionais, eliminación de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes a centros privados, a non convocatoria de prazas de persoal sanitario que levou a emigrar a moitos especialistas que vían como non se lles ofrecía garantía nos postos de traballo, enormes dificultades para acceder aos estudos de Medicina, etc... Todo isto acompañado dunha deriva dos servizos á medicina privada, co obxectivo de converter o dereito á saúde nun negocio. Favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade.

A Atención Primaria, a que nos afecta no día a día, foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. Nos orzamentos da Xunta deste ano 2019 destínanse 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros.

As consecuencias derivadas de tal decisión son alarmantes: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións dos mesmos, listas de espera de 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións dos profesionais (que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas), PACs ao limite e falta de profesionais que, como no caso de Cariño, supón a frecuente suspensión do Servizo de Pediatría.

Nesta lexislatura, que paradoxalmente foi presentada desde o Goberno galego como “a lexislatura do rural”, constatamos unha vez máis que fixar poboación é tarefa imposible cando servizos básicos como o ensino, o transporte -elemento vertebrador fundamental para vivir aquí- ou a sanidade non son prioritarios, nin se reflicten coa suficiente forza nos orzamentos aprobados polo Goberno galego.

No caso particular do ensino, un dos piares básicos da sociedade do benestar xunto coa sanidade e a atención á dependencia, atopámonos con centros educativos creados en plena dictadura franquista -na década dos 70-, con menor oferta educativa que nas cidades ou vilas, e nos que constantemente se recorta persoal. Máis sangrante é o caso cando o que se ve mermado é o persoal que atende directamente aos alumnos máis vulnerables, como por desgraza coñecemos ben en Cariño.

A suspensión do servizo de pediatría, sexa ou non temporal, supón que:

1. As nosas nenas e nenos non disporán dun especialista en Pediatría malia ser un dereito que teñen as familias, un dereito que non pode ter no noso entorno como único criterio o número de usuarios.

2. Os centros de saúde de Cariño, Ortigueira ou Mañón verán mermada a súa calidade asistencial xa que carecerán tamén do servizo itinerante que se lles viña prestando.

3. Nas ausencias, o horario de atención vese claramente diminuído nos tres concellos, posto que en Cedeira non se substitúe a totalidade da xornada da anterior pediatra de Ortegá. Isto é facilmente comprensible e tamén afecta á poboación cedeiresa, xa que os seus rapaces agora teñen que compartir o Servizo de Pediatría con case 700 nenos dos tres concellos de Ortegá.

4. Os pais e nais deben asumir do seu peto o custe que supón desprazarse 30 quilómetros a outro concello para que os seus fillos reciban atención pediátrica. No caso de ter que facelo en taxi, o gasto mínimo é de 30 euros.

En definitiva, discrimínase aos veciños e veciñas dos nosos concellos polo simple feito de vivir onde viven: mentres os nenos e nenas de Ferrol ou Narón contan con varios pediatras ao seu servizo, Cariño, Ortigueira e Mañón non dispoñen NIN DUN con absoluta regularidade. ¿É consciente a Xunta da situación de abandono na que quedan as nenas e nenos dos concellos afectados, privadas dun dereito básico, coma é a atención sanitaria?

¿Ten previsto adoptar a Xunta algunha medida urxente para as substitucións do posto de pediatría e, xa que logo, a atención efectiva ás nenas e nenos dos concellos afectados?

Ante a situación, á marxe das xestións realizadas polos municipios afectados, as nais e pais nun exercicio de civismo, do que os concellos nos debemos sentir orgullosos e apoiar abertamente, exerceron o seu dereito para reclamar a restauración do Servizo de Pediatría: mediante escritos, reclamacións individuais e difusión nas redes sociais.

Nun concello non lonxano como o de Moeche, tamén afectado pola supresión do servizo (xunto con Somozas, Cerdido e San Sadurniño), unha destas vías de difusión na procura de apoio para demandar o servizo de Pediatría foi a entrega por parte das asociacións de nais e pais dun escrito redactado por unha nai a título particular; tentaban facerllo chegar ás familias. No escrito público solicitábase que cada nai/pai fixese unha reclamación individual libremente no centro de saúde. A Consellería de Educación, nun prazo inferior a 24 horas, enviou un inspector ao CEIP San Ramón de Moeche tras a denuncia por parte de varias persoas –ou dun colectivo- do envío dese escrito ás familias, unha denuncia desprezable, e que demostra que tamén nos nosos concellos hai veciños cómplices de aqueles aos que non lles interesa que haxa unha demanda social do Servizo de Pediatría.

Do mesmo xeito limitouse a difusión do escrito nos demais centros de ensino da comarca.

A utilización dunha institución pública como a Consellería de Educación para tratar de facer calar aos profesionais da escola e ás familias co único obxectivo de apagar as voces que demandan un dereito e acoutar os seus medios e vías non ten outro nome que represión, o que resulta inadmisibile nun Estado democrático homologable ao século XXI. Esta acción, chamativa pola súa inaudita rapidez, non deixa de ser unha actitude de corte intervencionista, que cercena as liberdades veciñais e totalmente fóra de lugar, que vai en contra da escola, das familias e, polo tanto, dos concellos afectados.

En definitiva, a realidade non se agocha e todos sabemos que hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais e doentes de calquera ideoloxía en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do Goberno galego. Non estamos xa na fase de seguir agardando. Estamos na fase de asumir responsabilidades e rectificar os recortes e as privatizacións, ante uns feitos de máxima gravidade.

Por todo isto, desde a Alcaldía propoño ao Pleno do Concello de Cariño a adopción do seguintes acordos:

1. Esixirlle á Xunta de Galicia o inmediato restablecemento do servizo de pediatría no noso concello -e por extensión nos outros dous afectados na comarca- como mínimo na forma en que viña funcionando ata agora, como un dereito de todos os nenos e nenas dos nosos concellos.

2. Exixir do Goberno galego a igualdade nos servizos básicos de sanidade e educación para os nosos concellos, sen establecer diferencias en función de se vivimos no rural ou no urbano”.

Uxío Cerecedo volve a insistir na política de recortes e desmantelamento do sistema público, e sobre todo dos servizos esenciais, xa que sempre se perxudica aos máis débiles, aos nenos, e neste caso, a nivel de sanidade. Comenta que menudo papel teñen os compañeiros do Partido Popular ter que defender un goberno como este, e que non lle gustaría verse no caso deles, dilles que perdoen por emitir esa opinión, xa que lles consta que son boas persoas.

Ana M^a López di parte da base do problema que existe en todo o territorio español, que é a falta de pediatras, e están de acordo en que se debe asegurar que os nenos estean ben atendidos. Di, que por outro lado, as circunstancias que se deron nestas datas foi por unha necesidade maior, que a pediatra se puxo enferma, asegurando os propios traballadores do centro que os nenos non quedaron desatendidos xa que foron remitidos aos médicos de familia, como se facía antigamente. Engade que estas circunstancias xa estaban presentes fai unhas anos, e que non se preocuparon en solucionalo ata agora, cando falta pouco tempo para as eleccións. Que como se di na moción, son necesidades sociais esenciais, e que para o seu partido non ten debate ningún, xa que todos teñen que estar para melloralo. Pero o que non van a permitir e que se confunda á xente para sacar rendemento político cando realmente o grave problema destes Concello é a despoboación, o que está provocado pola falta de traballo debido en gran medida a unha mala xestión, sobre todo no Concello de Cariño. E que en consecuencia, a xente de mediana idade e as súas familias véñense obrigadas a abandonar o pobo para traballar, producíndose unha merma na poboación infantil o que está afectando negativamente tanto nos colexios como nos servizos de pediatría. E que por esa razón, non van a votar dita moción porque cren que non se poden manipular estas cuestións, tanto a nivel social como sanitario, porque niso teñen que estar todos á vez, e que tampouco se pode pedir que se sigan mantendo unhas servizos que por falta de xente, non se van poder manter, independentemente de quen governe na Xunta de Galicia.

Alberto Iglesias comenta que el foi portavoz dende o ano 2003, e que moitas veces se viu una tesitura de eleixir entre as súas siglas e os intereses do Concello de Cariño, e que lembra unhas cantas ocasións onde defendeu os intereses de Cariño, como concelleiro. Engade ademáis, que o órgano de máxima competencia que hai no Concello de Cariño, en termos de emprego, que é a Xunta de Galicia, e que defender a desigualdade na forma en que a acaba de defender o Partido Popular que lle parece surrealista, e que en temas de saúde pública, aínda lle parece máis sangrante, xa que vincular a saúde ao emprego é un discurso que se quedou anticuado e á dereita da sociedade en si.

Indica que o voto do seu grupo vai a ser a favor, sempre que se trate de defender un servizo público e os intereses públicos do Concello de Cariño, por encima das súas siglas, de partidos e de todo e porque o levan defendendo dende sempre.

Antonio Nieto comenta que nestes pobos onde a poboación diminúe, que teñen que defenderse dende os propios Concellos, e que lle parece un derrotismo xeral por parte do

Partido Popular dicir que non se pode pedir nada máis porque se vai perdendo xente, e que iso non significa que se teñan que perder os servizos.

Uxío Cerecedo insiste no mesmo, que son moitos Concellos a loitar polo mesmo, que todos os nenos teñen dereito á sanidade e educación, e que ten o mesmo dereito o neno que naceu nun pobo dos Ancares que o que naceu en Cariño. Engade que o despoboamento en Galicia prodúcese a nivel xeral, e que se produce en Concellos do PSOE, do BNG e de outros partidos xa que se trata de un proceso que vai máis alá das políticas locais. E que, non se pode pensar que como somos poucos, pois hai que esquecerse do pediatra e ir aos menciñeiros, como se facía antes. E que hai que seguir loitando polo rural, xa que iso é moi importante.

Ana M^a López di que ela non está derrotada nin pensa que non haiba que loitar, pero a realidade é que cada vez hai menos nenos, e que as prioridades non son as mesmas, e que se lle dará maior prioridade onde maior necesidade e poboación haiba. Insiste en que se trata de unha cuestión de prioridades, e que aquí a poboación diminuíu tanto a de nenos como a de persoas de mediana idade. Di que lóxicamente hai que loitar por estes dereitos, pero que o que se aprecia no Concello de Cariño é a falta de traballo, que é o que afianza as familias, os nenos e que a xente se quede no pobo. Insiste en que non está derrotada nin pense que non hai que loitar por estes servizos, pero que hai que ter en conta que ven dado por outras situacións. Di que preguntaron no centro de saúde e que lles dixeron que os nenos estaban atendidos, que a ver quen minte. E que se hai un problema grave que sí que van a remitir a un pediatra de urxencias.

Uxío Cerecedo comenta que todas esas melloras que tiveron as nosas avoas ata hoxe hai que mantelas, e non resignarse dicindo que como somos poucos que é cuestión de prioridades.

Toma a palabra Alberto Iglesias, e dille á portavoz do Partido Popular que se vai a sorprender da primeira parte da súa intervención, xa que dixo que a saúde dos nenos de Cariño que non é unha prioridade, e que cando lea a acta que se vai a quedar asombrada.

Ana M^a López di que iso é mentira, indicando Alberto Iglesias que a conclusión que se saca que é esa, e que despois xa se verá na acta.

Jonathan Miranda comenta que a acta non a escriben eles.

O Alcalde insiste en que a acta a transcribe unha secretaria e que as intervencións están grabadas, que hai unha funcionaria pública que as redacta e que lle presupón a maior neutralidade do mundo.

Ana M^a López comenta que ela tamén o ten grabado e que moitas veces a acta non está correcta.

O Alcalde dille que se cre que a acta non está correcta, que se votan a comezo de cada sesión plenaria, e que hai opción de correxila.

Ana M^a López solicita que conste en acta que en ningún momento dixo que non era prioritaria a saúde dos nenos, e que sí hai que loitar por esas necesidades.

O Alcalde comenta que non houbo substitución efectiva da pediatra, que ela non abandoou a súa praza pero que o que non se fixo foi substituíla, e que polo tanto, cada vez que estea enferma ou colla as súas lexítimas vacacións, un día de asuntos propios ou se parta unha perna, pois se estará tres meses sen pediatra, e que se está á intemperie co que lle poida pasar a esa persoa; que el falou co Director da Xerencia Sanitaria da Área de Ferrol e que lle dixo que non se podía substituír porque non hai pediatras xa que non se forman suficientes pediatras porque non se sacaron suficientes oposicións nos últimos anos.

O Alcalde explica que os pediatras que non saen de debaixo das pedras, que teñen unha formación de seis anos na facultade, despois a proba do MIR outro ano, se o aproba á primeira e máis catro anos de doutor, o que fan un total de once anos, polo tanto, vaise tardar como mínimo cinco anos en ter pediatras, e despois o que se tarde en aprobar as oposicións.

Engade que, por outro lado, que é un tema de despoboación en Cariño, pero se fose un tema que afectase soamente a Cariño que se sentiría moi responsable, e que aínda así, está bastante preocupado por esta situación; e que Galicia, por primeira vez na súa historia, acaba de baixar de 2.700.000 habitantes, e que, por primeira vez, non hai ningún Concello que medrara en habitantes o ano pasado. E que entón culpa do Alcalde de Cariño de que baixara a poboación que non debe de ser, e que ao mellor hai que ver quen ten as competencias en cuestión de crecemento demográfico que non son exclusivas da Xunta nin moito menos, xa que isto é unha cuestión que acontece en Asturias, en Castela León e en moitos outros sitios, non é unha cuestión de Galicia soamente, senón de toda Europa en xeral, e en España, en particular.

Di que o que non admite, e que se remitan aos servizos que se prestaban fai 42 anos, e di que andar detrás de compostores e menciñeiros que non, xa que se pagan impostos e cre que ten o mesmo dereito un neno que vive en Cariño, na Pedra ou en Matogrande, Coruña, porque en caso contrario, se estaría a perder o capital humano; que se un rapaz intelixente non ten dereito a un servizo de educación ou sanitario igual, que este país estaría a perder recursos humanos, non apostando por toda a xente, é dicir, se nace un rapaz con capacidades extraordinarias en Mañón ten que ter capacidade para aproveitalo, non pode ser que por non vivir na Zapateira ese rapaz non poida chegar a ser incluso Premio Nobel, terá que ter as mesmas posibilidades; e que ahí tamén ten que dicir que cre que o Partido Popular é coherente, que o seu grupo cre que a xente naza onde naza ten que ter as mesmas posibilidades, e que o Partido Popular cre que é unha cuestión de eficiencia, que quedou claro no seu discurso que se hai menos xente que o servizo non se pode manter, e que falan en termos mercantilistas, e que o resto do plenario que fala en termos de dereitos, que non de dereitas, que son cousas distintas.

Engade que poderían falar o mesmo en materia de transportes, sen embargo que el estivo en moitas reunións esixindo, e que por exemplo o luns que ven entran en servizo sete horarios máis do tren, despois de pelexar os Concellos e a Plataforma pola defensa do tren, e se abandoaran esa loita que ten claro que o tren se desmantelaría; que é certo que houbo un cambio de goberno, que pode gustar máis ou menos, que todo ten que ver coa política xa que se trata de unha cuestión de ideoloxía política, porque a xente cre niso ou noutra cousa. Di que o tema da despoobación e o emprego que é unha cousa moi preocupante pero que desviar o tiro cara ahí e non centrarse no que lles trae hoxe, que presentaran unha moción entón sobre o emprego, e conclúe que non se quixera verse na pel dos membros do Partido Popular, que sabe o que votaría pero que iso é cousa de cada un.

Manifestan os membros do Partido Popular que non van a votar, que non están dacordo con nada.

O Alcalde di que se non están dacordo con nada que voten en contra ou que abandonen o pleno antes da votación.

Alberto Iglesias comenta que o ROF di que hai que votar.

O Pleno corporativo, por seis votos a favor dos grupos municipais do PSdeGA, BNG e Grupo Mixto e dúas abstencións do PP

ACORDA:

1. Esixirle á Xunta de Galicia o inmediato restablecemento do servizo de pediatría no noso concello -e por extensión nos outros dous afectados na comarca- como mínimo na forma en que viña funcionando ata agora, como un dereito de todos os nenos e nenas dos nosos concellos.

2. Exixir do Goberno galego a igualdade nos servizos básicos de sanidade e educación para os nosos concellos, sen establecer diferencias en función de se vivimos no rural ou no urbano.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antonio Nieto pregunta polos bordillos das beirarrúas que se atopan enfrente da farmacia.

O Alcalde explica que están facendo as beirarrúas e que se van a colocar as plaquetas.

Ana M^a López pregunta se se vai a cambiar a tubería. O Alcalde resposta que sí, que hai que substituír a traída de auga tamén, xa que é de uralita.

Antonio Nieto comenta que esas son as obras que a xente non entende, porque son obras que se levantaron fai catro días.

O Alcalde di que o entende, que se vai facer máis ancha a zanja, para intentar pechar un aliviadoiro que hai alí.

Ana M^a López pregunta se se vai a sacar o servizo de correos. O Alcalde comenta que o Director comarcal que lle dixo que non se ía sacar, que era un bulo. Que xa falara con eles no momento en que se comentou que ían reducir os horarios, explicando que era un tema de axustes dos contratos da xente.

Ana M^a López pregunta polo cambio de horario da piscina, trasladándose de sábado pola tarde a pola mañá. O Alcalde explica que houbo unha proposta dos traballadores, que lles dixeron de mudar o horario a pola mañá e que lles dixeron que si, pero que se non funciona que se cambia a pola tarde outra vez.

Jonathan Miranda comenta que se trata de un servizo a disposición dos usuarios, e que haberá que analizar se funciona.

E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as vinte horas e corenta e nove minutos.

O Alcalde

A Secretaria

Asdo: José Miguel Alonso Pumar

Asdo:Alejandra Pardo Vázquez



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Avenida da Paz, 2
15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064
Fax. 981 405 029
concello@concellodecarino.com
www.concellodecarino.gal

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 20/02/2019 14:24:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 21/02/2019 10:27:00)

versión imprimible

CVD: H1SFri0eYaoq4BZY3zfg0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.